



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Prácticas Externas	Código	614G02038	
Titulación	Grao en Ciencia e Enxeñaría de Datos			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría de Computadores			
Coordinación	Castro Castro, Paula Maria	Correo electrónico	paula.castro@udc.es	
Profesorado	Castro Castro, Paula Maria	Correo electrónico	paula.castro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>A materia de Prácticas Externas (PE) é unha materia obrigatoria do primeiro cuatrimestre de cuarto curso, con 6 créditos. O seu obxectivo é completar a formación do grao con estadias nas entidades colaboradoras nas que experimentar o desenvolvemento da actividade profesional nun marco real. A FIC ten acordos con distintas empresas para a realización de prácticas curriculares.</p> <p>O desenvolvemento dunha PE implica:</p> <ol style="list-style-type: none">1) O contacto da FIC con entidades colaboradoras e a dispoñibilidade destas para aceptar a estudantes do grao que realicen tarefas que poidan desenvolverse mediante a materia de PE.2) Os contactos para definir as PE dun curso académico inicianse desde finais do curso previo.3) A formalización dun acordo entre a entidade colaboradora e a FIC, o que suporá a asignación da práctica a un/unha estudante.4) A designación dunha persoa da entidade colaboradora que actuará como titor/a profesional do/a estudante supervisando o desenvolvemento efectivo das súas tarefas.5) A designación dunha persoa da FIC coas funcións de titor/a académico/a que supervisará que o/a estudante realice o plan de formación determinado, que recibirá os informes do titor/a profesional e do/a estudante, e que avaliará o realizado polo/a estudante.6) A definición dun plan de formación onde os/as titores/as da PE definan o alcance do traballo a realizar polo/a estudante. <p>A normativa da UDC sobre PE require que se estableza un convenio para a relación de PE.</p> <p>Existen unhas directrices específicas da FIC para ampliar e concretar o marco normativo da UDC:</p> <ol style="list-style-type: none">1) Que o/a estudante superase a metade dos créditos do grao.2) Que superase todas as materias de formación básica (primeiro curso).3) Que faga a solicitude no prazo establecido e que a nota media do seu expediente se atope entre o número de estudantes permitido para cada cuatrimestre. Este límite vén marcado pola vicerreitoría de profesorado, xa que cada titor/a académico/a consume 2 horas de POD por cada estudante titorizado/a.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A30	CE30 - Comprensión da importancia da cultura emprendedora e coñecemento dos medios ao alcance das persoas emprendedoras.
A31	CE31 - Coñecemento adecuado do concepto de empresa, a súa organización e xestión, e os distintos sectores empresariais co obxectivo de facilitar solucións desde a Ciencia de Datos.



B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado
B7	CG2 - Elaborar adecuadamente e con certa orixinalidade composicións escritas ou argumentos motivados, redactar plans, proxectos de traballo, artigos científicos e formular hipóteses razoables.
B8	CG3 - Ser capaz de manter e estender formulacións teóricas fundadas para permitir a introdución e explotación de tecnoloxías novas e avanzadas no campo.
B9	CG4 - Capacidade para abordar con éxito todas as etapas dun proxecto de datos: exploración previa dos datos, preprocesado, análise, visualización e comunicación de resultados.
B10	CG5 - Ser capaz de traballar en equipo, especialmente de carácter multidisciplinar, e ser hábiles na xestión do tempo, persoas e toma de decisións.
C1	CT1 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C2	CT2 - Estimular a capacidade para traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sustentable ambiental, económico, político e social.
C4	CT4 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Realización das prácticas nunha contorna profesional.		A30	B2 C1
		A31	B3 C2
			B4 C4
			B7 C5
			B8
			B9
			B10

Contidos	
Temas	Subtemas
Prácticas externas	1.- Solicitud de prácticas. 2.- Elaboración do plan formativo. 3.- Realización das prácticas. 4.- Seguimento por parte do/a titor/a profesional e do/a académico/a. 5.- Entrega de informes periódicos e memoria final do/a estudante. 6.- Entrega do informe do/a titor/a profesional. 7.- Avaliación da práctica por parte do/a titor/a académico/a.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais



Prácticas a través de TIC	A30 A31 B2 B3 B4 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C4 C5	125	22.5	147.5
Atención personalizada		2.5	0	2.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	Realización da práctica en entidades colaboradoras con convenio coa UDC.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	A práctica será supervisada polo/a titor/a profesional e polo/a titor/a académico/a.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Prácticas a través de TIC	A30 A31 B2 B3 B4 B7 B8 B9 B10 C1 C2 C4 C5	O/a estudante presentará informes periódicos e unha memoria final. O/a titor/a profesional entregará un informe das actividades realizadas polo/a estudante. O/a titor/a académico/a avaliará a práctica.	100

Observacións avaliación

Fontes de información	
Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías